



Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, do posto de técnico/a auxiliar de imaxe e son (grupo III, categoría 94. Código de posto ED.A11.00.005.15770.059)

Asunto: Resolución pola que se fai pública a listaxe definitiva da avaliación de méritos por orde de prelación.

O tribunal, nomeado mediante Resolución do 8.6.2026 da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme o previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal, en sesión que tivo lugar o 21.7.2026,

ACORDOU

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de avaliación de méritos, por orde de prelación, relacionada no **Anexo I**, segundo a puntuación obtida en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento, tras o estudo das alegacións recibidas á Resolución provisional de listaxe de avaliación de méritos de data 9.7.2026, que quedan desestimadas.

Segundo.- Publicar esta Resolución na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais <https://industriasculturais.xunta.gal/gal> e no seu taboleiro de anuncios.

Terceiro.- Conceder un prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución, á persoa aspirante con maior puntuación acadada para que presente a documentación requirida para a formalización do correspondente contrato de traballo, así como das altas tanto en nómina como na seguridade social, mediante a Sede electrónica da Xunta da Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Cuarto.- Se a persoa candidata seleccionada non presentase toda a documentación no prazo establecido ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante, segundo a orde de prelación da listaxe definitiva publicada, que deberá presentar, no mesmo prazo do punto anterior, a documentación oportuna para formalizar esta contratación.





Quinto.- Contra esta resolución, que non esgotará a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, ante a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia e no taboleiro de anuncios do centro de traballo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do tribunal de selección

María Ángeles Antón Vilasánchez





ANEXO I- LISTAXE DEFINITIVA DE AVALIACION DE MÉRITOS POR ORDE DE PRELACIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA

	SOLICITANTE	DNI	PUNTOS
1	PORTO CAGIAO SANDRA	***1862**	0,9
2	PARDO VALCARCE HEITOR	***8296**	0,6
3	TORRES PUMEDA ROCÍO	***2388**	0,6
4	ATÁN ROMAR DANIEL	***9714**	0,3
5	FERNÁNDEZ COELLO SANDRA	***6462**	0,3
6	GONZÁLEZ RIVERA RUBÉN	***8373**	0,3
7	LAGO ÁLVAREZ CRISTINA	***8730**	0,3
8	REY VÁZQUEZ ALEXANDRA	***2224**	0,3
9	RIVEIRO VÁZQUEZ BREOGÁN	***4069**	0,3
10	GARCÍA GONZÁLEZ MARTA	***0257**	0
11	IGLESIAS SANTOS ÓSCAR MANUEL	***0573**	0
12	LARIÑO CHAPELA FRANCISCO	***3994**	0
13	PIÑEIRO PÉREZ PATRICIA	***7665**	0
14	POSE SUÁREZ LAURA	***1280**	0

